

TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 23-05-2022, ditou a resolución con número 1549/2022 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Nomeamento do órgano de selección, listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, data para a valoración de méritos na fase de concurso e celebración dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para a contratación de duración determinada, por circunstancias da produción, de 32 socorristas para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático que prestará servizo nas praias do Concello de Carballo.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución de Alcaldía núm. 1334/2022, do 02/05/2022, aprobáronse as bases do proceso selectivo para a contratación de duración determinada, por circunstancias da produción, de 32 socorristas acuáticos para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático, que prestarán servizos nas praias do Concello. A convocatoria publicouse no BOP núm. 87 do 09/05/2022 así como no Taboleiro de anuncios do Concello e, de forma complementaria, na web municipal.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes foi de dez (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, e de conformidade co establecido na Base 4ª da convocatoria (*Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas*), o non existir aspirantes excluídos/as e en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada, por circunstancias da produción, de 32 socorristas acuáticos para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático, segundo o detallado no Anexo I.

Segundo.- Designar o Órgano de Selección previsto na base quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: D^a. **María Eugenia López Balbís**, Administrativa do Servizo Municipal de Protección Civil do Concello de Carballo.
Suplente: D. **José Luis Barca Añón**, Xerente do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Vocais:

- Titular: D. **Mauricio Calvo Vidal**, Suboficial-Coordinador do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.
Suplente: D. **Alejandro Cousillas González**, Administrativo do Concello de Carballo.
- Titular: D. **Juan Manuel Barca Añón**, Xefe do parque de bombeiros do Concello de Santa Comba.
Suplente: D **Juan Manuel Corral Sánchez**, encargado de Protección Civil do Concello de Boqueixón.

- Titular: D. **Ramón Pérez Barrientos**, Coordinador de Protección Civil do Concello de Muxía.
Suplente: D^a. **Olivia García Trasancos**, Coordinadora de Protección Civil do Concello de Bergondo.

Secretario/a:

- Titular: D^a. **María Luz Fernández Sandá**, Administrativa do Concello de Carballo
Suplente: D. **Vitor Recarei Añón**, Administrativo do Concello de Carballo.

Os membros do Tribunal poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.- De acordo coa base quinta da convocatoria nomear como asesores do Tribunal, que actuarán con voz e sen voto, para a realización da primeira proba (probas físicas) da fase da oposición a **D. Francisco Javier Souto Facal**, Xefe do servizo de Protección Civil do Concello de Carballo, e **D. Francisco Díaz del Valle**, Xefe do servizo de Instalacións deportivas do Concello de Carballo; así mesmo, como responsables de seguridade na auga para a realización das probas, noméanse a **D. Damián Varela Caamaño** e a **D. Efrén Ures Souto**.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a **valoración de méritos na fase de concurso** que terá lugar **o xoves 26 de maio de 2022 ás 10:00 horas**, na Base de Protección Civil situada na Avda. do Ambulatorio, s/n, de Carballo.

Quinto.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración de tódolos exercicios da **fase de oposición** que terá lugar **o venres 27 de maio de 2021**.

De acordo coa base 6.1 a cal establece que cando o tribunal o considere conveniente poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada. Deste xeito, convócase aos aspirantes para a celebración de tódolos exercicios, co seguinte desenvolvemento:

- **Primeiro exercicio: Probas de aptitude física, ás 09:00 h.** na **Piscina Carballo Calero**, sita na zona Colexio Bergantiños de Carballo. Unha vez rematadas as probas de piscina, os aspirantes dirixiranse á Praia de Razo para continuar co primeiro exercicio. Poderán acceder a piscina as 0830 h. para quentar.
- **Segundo exercicio:** En canto remate o primeiro exercicio, **Test ou exame de preguntas curtas**, que se realizará no auditorio do Fórum de Carballo (Praza dos Bombeiros Voluntarios).
- **Terceiro exercicio: Proba oral** (a continuación da escrita)
- **Cuarto exercicio: Proba específica** para aqueles aspirantes que opten á categoría de **coordinador-socorrista**, segundo determine o tribunal, en canto remate o terceiro exercicio.

Sexto.- Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.gal.

ANEXO I: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación de duración determinada, por circunstancias da produción, de 32 socorristas do concello de Carballo.

Nº	DNI	APELIDOS	NOME	NUM. REXISTRO	Data rexistro
1	***6605**	ABELENDA GÓMEZ	FERNANDO	202200000002555	10/05/2022
2	***0392**	AGRELO CANEDO	JAVIER	202200000002729	16/05/2022
3	***5660**	ANGERIZ BELLO	PABLO	202200000002724	16/05/2022
4	***3037**	AÑON MARTINEZ	ALBERTE	202200000002717	16/05/2022
5	***0291**	AÑON MERTZ	MARC	202200000002718	16/05/2022
6	***4471**	BLANCO PORTEIRO	JORGE	202200000002736	16/05/2022
7	***4395**X	BRANDON GANDARA	MANUEL	202200000002612	11/05/2022
8	***0630**	CAMBRE ABELENDA	ESTELA	202200000002786	01/05/2022
9	***1229**	CANOSA FARIÑA	LUCIA	202200000002807	19/05/2022
10	***0393**	FELIPEZ ARCHILLA	DIEGO	202200000002747	16/05/2022
11	***0218**	FRAGA MÉNDEZ	ÁNGEL	202299900002030	18/05/2022
12	***4087**	FROSTE MAYER	BRAIS ESTEBAN	202200000002755	18/05/2022
13	***1905**	GARCIA VARELA	MANUEL	202200000002743	16/05/2022
14	***8512**	GARDA PONTE	NICOLÁS	202200000002752	18/05/2022
15	***0539**	GONZÁLEZ OUTEIRO	NEREA	202200000002637	12/05/2022
16	***4005**	GONZÁLEZ POSE	RUBÉN	202299900001932	10/05/2022
17	***8926**	HEVIA PRIETO	JOSE	202200000002604	11/05/2022
18	***5855**	LEMA VALIÑO	INES	202200000002695	13/05/2022
19	***3893**	LORENZO RAMA	DANIEL	202200000002758	18/05/2022
20	***4339**	MARTINEZ COTELO	ADRIAN	202200000002825	19/05/2022
21	***5467**	NOYA VÁZQUEZ	CRISTINA	202200000002552	10/05/2022
22	***1493**	RAMA BALDOMIR	JAVIER	202200000002702	13/05/2022
23	***7552**	REGUEIRA ANGERIZ	ALEX	202200000002714	16/05/2022
24	***4020**	REGUEIRA ANGERIZ	MANUEL	202200000002715	16/05/2022
25	***3506**	ROSADO SOTO	IGNACIO	202290000003104	10/05/2022
26	***2520**	SOUTO VEIGA	MARCOS	202200000002701	13/05/2022
27	***0631**	VARELA MESEJO	CESAR	202200000002626	13/05/2022
28	***5725**	VAZQUEZ ANIDO	DIEGO	202200000002626	12/05/2022
29	***5470**	VAZQUEZ REFOJOS	JAVIER	202290000003277	19/05/2022
30	***7359**	ZAS NOVO	MARTÍN	202200000002759	18/05/2022

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villan Fuertes

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000004
Exp. 2022/G003/001625

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villan Fuertes